

BASES CONCURSO DE COMPARSAS

ENTROIDO 2022

O Excmo. Concello de Cambados, a través da Concellería de Cultura, convoca o CONCURSO DE COMPARSAS PARA O MARTES DE ENTROIDO 1 DE MARZO DE 2022 ás 18:30 horas no Parque de Torrado (EN CASO DE CHOIVA TRASLADARASE AO AUDITORIO DA XUVENTUDE).

O concurso obxecto desta convocatoria rexerese polas seguintes Bases:

PRIMEIRA.- Poderán participar todas as persoas, asociacións ou colectivos que o desexen.

SEGUNDA.- Lugar, contido e prazo de inscrición.

1.- A inscrición deberá facerse obrigatoriamente na Biblioteca Municipal Luís Rei, no modelo de inscrición normalizado (Anexo I), indicando:

- Nome da comparsa e temática que representa.
- Listado numerado dos integrantes da comparsa e rango de idades.
- Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante (no caso de ser un grupo informal e non unha asociación constituída).
- Nome, CIF, enderezo e teléfono da Asociación (no caso de ser unha asociación legalmente constituída). Farase constar así mesmo o nome e DNI do representante da Asociación.

2.- Xunto coa instancia de inscrición deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI do representante do grupo (no caso de grupos informais).
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).



- Certificado de conta bancaria da Asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso do premio.

3.- O prazo de presentación da documentación rematará o martes 1 de marzo de 2022 ás 14:00h. As solicitudes recolleranse na biblioteca de luns a venres de 10.00h a 20.30h e o sábado de 10.30h a 13.30h.

4.- O Concurso contará coa participación dun máximo de 10 comparsas. No caso de superar esta cantidade, seleccionaranse por orde de inscrición, priorizando as que contén con máis integrantes domiciliados en Cambados. Polo tanto, será a Organización quen, nos días seguintes tras finalizar o prazo de inscrición, contacte con aquelas que finalmente participen. A organización pode permitir a participación de comparsas fóra de concurso se quedan prazas libres. A orde de actuación será a mesma que a de inscrición.

TERCEIRA.- As comparsas estarán formadas, por un mínimo de 10 persoas, e terán un representante legal maior de idade, que asuma a responsabilidade en todos os supostos derivados da participación neste concurso.

CUARTA.- As comparsas deberán estar o martes 1 de marzo de 2022, coa suficiente antelación, no Parque de Torrado ou, en caso de mal tempo, no Auditorio da Xuventude.

QUINTA.- As comparsas contarán con medios propios para faceren a súa actuación, e terán un máximo de 20 minutos dende que suban ata que baixen do escenario ou un máximo de 5 cancións por grupo. Establécese igualmente un mínimo de 3 cancións para poder participar.

SEXTA.- A actuación realizarase segundo a orde establecida no momento da inscrición, da que deberán estar pendentes cada un dos seus representantes.



SÉTIMA.- As comparsas non poderán usar na súa actuación medios ou materiais que supoñan un perigo para as persoas. O xurado penalizará as comparsas que incumpran este apartado coa súa eliminación automática.

OITAVA.- Unha vez rematado o concurso, as comparsas retirarán do espazo no que se realice o Concurso todas as súas pertenzas. De non facelo poden incorrer nunha penalización económica.

NOVENA.- As comparsas que o precisen comprométense a entregar, con tempo suficiente (a través dun CD, memoria extraíble...) ao técnico do son os arquivos de música que queiran reproducir durante a súa actuación. Deberán concretar co antedito técnico formato e calidade para evitar problemas durante a actuación.

DÉCIMA.- Co fin de colaborar e de lle dar máis vistosidade ao desfile de carrozas do Domingo de Entroido, animaráselles a estas a que participen ambos os dous días.

UNDÉCIMA.- O xurado estará composto por persoal técnico da Concellaría de Cultura así como por membros de asociacións culturais e/ou de Zona Centro.

DUODÉCIMA.- O xurado valorará os seguintes aspectos das actuacións:

- Nº de participantes e unidade grupal na súa posta en escena.
- Actitude na exhibición: a música, sobre todo se é en directo e instrumentalizada, o canto e o baile.
- Caracterización: vestuario, sobre todo se a súa realización é artesanal, a súa orixinalidade e vistosidade, así como as maquillaxes e os complementos.



- Humor e crítica: a letra, o inxenio, a ironía, o dobre sentido, sempre dende o respecto. Exixirase que a temática estea relacionada dalgún xeito con Cambados ou coa actualidade social, cultural ou política do país.

DÉCIMO TERCEIRA.- Rematada a votación, os membros do xurado sumarán as puntuacións e firmarán a acta -no modelo normalizado recollido no Anexo III de estas bases- que será comunicada ao público asistente. Despois de que se coñeza o nome das comparsas gañadoras, estas recibirán os diplomas acreditativos do Concurso de Comparsas 2022. O xurado poderá sen embargo deixar os premios desertos se así o considerase ofrecendo só a posibilidade de outorgar gratificacións. Os membros das comparsas respectarán o labor do xurado, e acatarán a súa decisión, aínda que non a compartan.

DÉCIMO CUARTA.- Premios.

Establécense os seguintes premios, ata un límite máximo de consignación orzamentaria do orzamento de gastos do ano 2022:

1.- Premios outorgados conforme á valoración do xurado:

- 1ª Comparsa Clasificada: 600 €
- 2ª Comparsa Clasificada: 400 €
- 3ª Comparsa Clasificada: 300 €

2.- Premios pola participación no concurso:

- Tódalas comparsas participantes no concurso e que non obteñan premio levarán unha gratificación de 200 €.

3.- Segundo a normativa vixente, os premios superiores a 300 € estarán suxeitos á correspondente retención tributaria.

DÉCIMO QUINTA.- As comparsas terán a obriga de entregar, o mesmo día da inscrición, 2 exemplares das súas letras na biblioteca, para lles seren entregadas ao xurado e ao arquivo municipal. A data límite para esta entrega é o venres 1 de marzo ás 14.00 horas no mesmo lugar da inscrición.

DÉCIMO SEXTA.- Entrega de premios.



1.- Os diplomas acreditativos dos premios serán entregados o martes 1 de marzo ao remate do concurso no Parque de Torrado, ou no Auditorio da Xuventude en caso de mal tempo. De seguido, todos os representantes legais deberán reunirse coa organización para asinar os documentos xustificativos pertinentes (Anexo IV), mostrando o seu DNI.

2.- O ingreso das gratificacións e dos premios farase nos días posteriores a través de transferencia bancaria no número de conta aportado, unha vez sexan presentados e aprobados os nomes dos gañadores pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMO SÉTIMA.- As comparsas coa aceptación destas bases dan o seu visto e praxe a posibles difusión ou explotacións do contido do evento, que será, en todo caso, responsabilidade do Concello de Cambados.

DÉCIMO OITAVA.- Calquera dúbida ou baleiro que puidese xurdir da interpretación e aplicación das presentes bases, será resolto no seu momento polo xurado e a súa decisión será inapelable. A presentación a este Concurso implica necesariamente a aceptación de todos e cada un dos puntos das Bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

*En caso de choiva trasladarase ao Auditorio da Xuventude..



ANEXO I

INSTANCIA DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

en representación do grupo / Asociación _____

_____ con CIF _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

SOLICITA

A participación no CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2022 convocado polo Concello de Cambados, da comparsa:

- Nome da comparsa e temática que representa: _____

- Número de integrantes da comparsa e rango de idades: _____

Achégase así mesmo a seguinte documentación:

- Listado de integrantes da Comparsa.
- Copia do DNI do representante do grupo (no caso de grupos informais).
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).
- Copia do certificado de conta bancaria da Asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso do premio.

En Cambados, a _____ de _____ de 2022

(Sinatura)

A entrega de presente instancia de inscrición cuberta, implica a aceptación das bases do concurso e a participación no mesmo conforme a elas



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

en representación do grupo / Asociación _____

_____ con CIF _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que o grupo / Asociación _____:

- Non está incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, e coa Seguridade Social, e co Concello de Cambados.

E para que conste aos efectos oportunos, asina a presente declaración.

En Cambados, a _____ de _____ de 2022

(Sinatura)



ANEXO III

ACTA DA ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE COMPARSAS 2022

Reunidos en Cambados, ás horas do día de de 2022, o Xurado do concurso, composto por:

-
-
-
-
-

onde
como do Concello, actúa como Secretari@, e unha vez rematado o certame, levántase acta dos clasificad@s, entregándoselles os diplomas dos premios, expostos nas bases do concurso, resultando:

1º clasificado premio 600 €

2º clasificado premio 400 €

3º clasificado premio 300 €

Así mesmo, entréganse un total de gratificacións por valor de 200 € cada unha ás Comparsas non premiadas pola súa participación.

A suma total dos premios e gratificacións ascende a €, e cada galardoad@ asina unha ficha polo importe outorgado que se engade de forma anexa.



Ademais, de habelas, indícanse as seguintes incidencias

.....

.....

.....

.....

Levántase a presente Acta, en Cambados a de de 2022.

Sinaturas dos membros do xurado

Constantino Cordal

.....

Concelleiro de Cultura

Técnico de Cultura



ANEXO IV

FICHA DE BENEFICIARIO CONCURSO COMPARSAS 2022

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

en representación do grupo / Asociación _____

_____ con CIF _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

Resultou beneficiario dun premio/gratificación por importe de _____ €

pola participación no CONCURSO COMPARSAS 2022, celebrado en
Cambados o día ____ de _____ de 2022.

Sinatura:

CONFORME, o Concelleiro de Cultura, Constantino Cordal

Asdo :

